

**ADDENDA PROXECTO
LINGÜÍSTICO DE CENTRO**

ANO ACADÉMICO 2023-24

1. INTRODUCCIÓN.

Segundo o establecido no **decreto 79/2010** do **20 de maio**, para o **plurilingüismo** no ensino non universitario de Galicia, no seu **artigo 14** di que cada centro elaborará o seu Proxecto Lingüístico cada catro anos, que formará parte do seu Proxecto Educativo e que deberá ser remitido aos servizos de inspección educativa.

Por outra banda, e segundo o indicado no **artigo 14.4.**, cada ano os centros educativos deben elaborar unha addenda que se engadirá ao Proxecto Lingüístico do centro, no cal se incluírán entre outros aspectos o resultado da enquisa ás familias sobre a lingua materna do alumnado de Educación Infantil e as actividades levadas a cabo e propostas para a dinamización da lingua galega.

Atendendo a estas indicacións e contemplando as indicacións realizadas pola administración ao respecto no presente curso, elaboramos a seguinte “addenda” correspondente ao curso 2023-24, cos apartados establecidos no decreto do plurilingüismo. Dita addenda incluírase no Proxecto Lingüístico aprobado o 12 de xuño do 2019.

O Claustro de mestras e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro considera que a lingua galega é un elemento básico de identidade cultural e que une a toda a comunidade educativa que a fala, polo que ao amparo da **Lei 3/1983** que propón que se garanta o uso en **igualdade do galego e do castelán** como linguas oficiais de Galicia, favorecerá e impulsará esa igualdade para que ao rematar a Educación Primaria, os alumnos e alumnas deste centro teñan competencia, oral e escrita, nas dúas linguas.

2. COMPOSICIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

No presente curso escolar 2023-24 o EDLG está composto do seguinte xeito:

Membros: Alba Garrido Vidueira (coordinadora), Eugenia Rodríguez Gestido, María de la Luz Alonso Díaz e Irene Rodríguez Rodríguez.

As **reunións do ENDL** terán lugar unha vez ao trimestre no último luns dun dos meses. Celebraranse tódalas reunións extraordinarias que se precisen.

3. LINGUA MATERNA PREDOMINANTE EN EDUCACIÓN INFANTIL.

Para o coñecemento da lingua materna predominante entre o alumnado, seguíronse as indicacións da administración para o cumprimento do indicado no **Decreto 79/2010**. Este proceso consistiu en pasarlle unhas enquisas e entrevistas iniciais ás familias do alumnado novo matriculado na etapa de Educación Infantil. Isto tamén se levará a cabo co alumnado que se poida incorporar ao centro ao longo do curso. Asemade, e seguindo as indicacións da administración ao respecto, para o alumnado antigo matriculado no centro (5º e 6º de Educación Infantil) tívose en conta a situación lingüística existente no curso anterior, no que xa fora recabada esta información nas entrevistas iniciais coas familias.

O resultado das enquisas determinou que a lingua materna indicada polas familias do alumnado do centro é o galego nunha porcentaxe dun 50% e un 50% a porcentaxe de alumnado cuxa lingua materna é outra lingua (castelán). Ante estes resultados, e considerando ademais que o galego emprégase do mesmo xeito que o castelán, establécese que o galego será empregado como lingua vehicular do noso centro, sen perxuízo das indicacións feitas tanto no PE, PXA e Programacións didácticas, para a adquisición de ámbalas linguas oficiais, e especialmente para o tratamento e uso da segunda lingua na aula. Consideramos que o castelán é unha lingua que escoitan contantemente, xa que tamén a usan moito coa relación cos outros nenos/as e familias de Educación Primaria, polo que debemos traballar e valorar a lingua galega para que esta non se perda e sexa máis empregada no noso centro.

No tocante á aproximación á lecto-escritura, empregarase a lingua materna de cada alumno/a, agás nos casos nos que se trata de traballos de carácter grupal onde primará a lingua vehicular anteriormente indicada.

4. INFORMACIÓN E VALORACIÓN DOS PROGRAMAS DE FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

Ao longo do curso pasado, así como en cursos anteriores, leváronse a cabo diferentes actividades para o fomento e dinamización da lingua galega tanto a nivel oral como escrito. Moitas delas quedaron detalladas na memoria elaborada polo Equipo para a Dinamización da Lingua Galega.

En ámbolos eidos emprégase un enfoque constructivista no que o alumnado, a partir dos seus coñecementos previos, e coa aparición de conflitos cognitivos, reconstrúa os seus esquemas mentais e adquira progresivamente o coñecemento de ámbalas linguas. Neste senso, a participación activa do alumnado, a funcionalidade dos textos escritos presentes na aula, a aprendizaxe por descubrimento, o respecto ao ritmo madurativo de cada neno/a xunto co traballo en grupo, estarán presentes en tódalas actividades e estratexias indicadas anteriormente.

5. DISTRIBUCIÓN DA LINGUA NO CURRÍCULO.

O **decreto 79/2010**, no seu **Artigo 6º**. 1, 2 e 3 e 4 referido á *Educación Primaria*, di:

- 1. Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.*
- 2. As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.*
- 3. Impartirase en galego a materia de Coñecemento do medio natural, social e cultural, e en castelán a materia de Matemáticas.*

4. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanas.... Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

Coa **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, **para a mellora da calidade educativa (LOMCE)** modifícase o proxecto lingüístico, adaptándose ao Decreto para o Plurilingüismo. Do mesmo xeito, coa **Lei Orgánica 3/2020**, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (**LOMLOE**) tense en conta a **disposición adicional trixésima oitava “Lengua castellana, linguas cooficiales y linguas que gocen de protección legal”** nos seguintes puntos:

1. As Administracións educativas garantirán o dereito dos alumnos e as alumnas para recibir ensinanzas en castelán e nas demais linguas cooficiais nos seus respectivos territorios, de conformidade coa Constitución Española, os Estatutos de Autonomía e a normativa aplicable.

2. Ao finalizar a educación básica, todos os alumnos e alumnas deberán alcanzar o dominio pleno e equivalente na lingua castelá e, no seu caso, na lingua cooficial correspondente.

3. As Administracións educativas aplicarán os instrumentos de control, avaliación e mellora propios do sistema educativo e promoverán a realización de análise por parte dos centros, de modo que se garanta que todo o alumnado alcance a competencia en comunicación lingüística, en lingua castelá e no seu caso nas linguas cooficiais, no grao requerido. Así mesmo, impulsarán a adopción por parte dos centros das medidas necesarias para compensar as carencias que poidesen existir en calquera das linguas.

4. Tanto a materia de Lingua Castelá e Literatura como a Lingua Cooficial e Literatura deberán impartirse nas linguas correspondentes.

5. Aquelas Comunidades Autónomas nas que existan linguas cooficiais que non teñen ese carácter en todo o seu territorio ou linguas non oficiais que

gocen de protección legal poderán ofrecelas nos termos que determine a súa normativa reguladora.

Así, en toda a etapa de Educación Primaria, impartirase en galego as materias de Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza, Lingua Galega, Educación plástica e visual e Música e danza. O resto de materias impartirase en castelán (Matemáticas, Lingua Castelá, Educación Física, Relixión e Proxecto Competencial).

No seguinte cadro amósase a lingua a empregar para a impartición de cada área:

NIVEIS	MATERIAS E IDIOMAS										
	LC	LG	MATEM	INGL	EF	E. PLÁST. E VISUAL	MÚSIC. E DANZA	RELIX.	CCSS	CCNN	P. COMP.
1º EP	C	G	C	I	C	G	G	C	G	G	
2º EP	C	G	C	I	C	G	G	C	G	G	
3º EP	C	G	C	I	C	G	G	C	G	G	
4º EP	C	G	C	I	C	G	G	C	G	G	C
5º EP	C	G	C	I	C	G	G	C	G	G	

C: Castelán. G: Galego. I: Inglés.

Salientamos que aínda que o idioma que se emprega con normalidade no ensino das clases de Lingua Estranxeira: Inglés é precisamente o inglés, cando a mestra ten que facer uso doutra lingua na clase (unha explicación, un aviso,...) faino en galego.

6. ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE.

As estratexias e actividades concretas para a adquisición doutra lingua atópanse indicadas pormenorizadamente na programación de ciclo de Educación Infantil, dos diferentes niveis de Educación Primaria e nas

programacións de aula, así como no Proxecto Educativo do Centro e no propio Proxecto Lingüístico.

Entre estas actividades figuran as seguintes:

- Apoio individualizado ao alumnado con dificultades en algunha das linguas.
- Reforzo educativo na lingua na que teña maiores dificultades partindo da lingua oral.
- Traballar o vocabulario básico nas dúas linguas.
- Axudarse de contos, cancións, poesías, xogos de patio, dramatizacións, para fomentar o uso das linguas oficiais.
- Axudarse de material audiovisual (películas, internet, xogos, etc.) que serva de reforzo visual a adquisición de vocabulario.
- Traballar o específico e diferente nas fonéticas das dúas linguas.
- Partir de experiencias próximas ao alumnado para ampliar o seu vocabulario.

7. MODIFICACIÓN DA LINGUA DE IMPARTICIÓN DAS MATERIAS.

Polo que se refire a este punto, no centro este ano, ao igual que nos dous cursos pasados, hai variacións en relación as linguas en que se impartirán as diferentes materias con respecto ao aprobado no Proxecto Lingüístico de Centro. As diferenzas están nas seguintes materias: Educación plástica e visual e Música e danza que se impartirá en galego en todos os niveis; Relixión e Proxecto competencial que será en castelán en todos os niveis.

De contar con alumnos ou alumnas que non teñan coñecemento de Lingua Galega ou Lingua Castelá, arbitraranse medidas de reforzo para que logren o aproveitamento necesario en todas as áreas que se lle impartan.

8. PROGRAMAS DE ACTIVIDADES.

8.1. Realizadas no curso 2022-23.

Como en anos anteriores, o programa de actividades para fomentar o emprego do galego no noso centro está reflectido na memoria do curso anterior.

Estas actividades foron:

- **Día Internacional da Biblioteca:** Actividade de contacontos, “scape room” o mounstro que zampa libros e un obradoiro no que se elaborou un marcapáxinas.
- **Samaín e Magosto:** Con concurso de cabazas en lingua galega e xogos populares e tradicionais.
- **Nadal:** Colaboramos na elaboración dos personaxes do Nadal Enxebre, que organizou o Concello de A Veiga.
- **Día Internacional da Paz e a Non Violencia:** Levouse a cabo unha andaina, xunto coas Casas Niño, reivindicando a paz, cun percorrido dende o centro ata a praza do Concello. Os nenos/as portaron diademas e unha pancarta con mensaxes de paz en lingua galega.
- **Entroido:** Tivemos un obradoiro sobre o “Boteiro” de Viana do Bolo. Elaboramos a as Ordes do Meco no centro para cada día da semana propia do Entroido. Todo isto en lingua galega.
- **Día de Rosalía de Castro:** Os alumnos/as de Educación Primaria pintaron as diferentes pezas que forman a cara de Rosalía de Castro. Logo xuntáronse formando puzzle. Ademais escribiron frases de Rosalía que quedou nunha cartolina na biblioteca escolar. O alumno e alumna máis maiores de Educación Primaria len o poema “Adeús ríos, adeus fontes”. Os nenos/as de 1º e 2º de Primaria cantan e bailan a canción de “Xan”. Todo en lingua galega.
- **Talleres do Aliméntate ben:** “Fai clic ao teu bocata” e “Ti si que es un bo peixe”, ámbolos dous en lingua galega.
- **Celebración da Semana da Prensa.** Lendo prensa escrita ou dixital en lingua galega.

- **XVIII Obradoiro de Xogos Populares e Tradicionais de Xaquín Lorenzo** no que o alumnado elaborou xoguetes tradicionais, así como tiveron a oportunidade de coñecer e xogar con xogos tradicionais da zona.
- **Semana das Letras Galegas.** Tivemos un contacontos e obradoiro da Editorial “Antela”. Ademais a coordinadora do Equipo de Biblioteca fixo, coa axuda do alumnado de 3º e 4º de EP, un “lap-book” con diferentes reseñas do autor ao que se lle adican as Letras Galegas este ano: Francisco Fernández del Riego. Todo en lingua galega.
- **Talleres de Cruz Vermella.** O alumnado de Primaria asistiu a 4 talleres organizados por Cruz Vermella e que trataban diferentes temáticas. Foron impartidos en lingua galega.

Ademais cómpre destacar outro tipo de actividades que se levan día a día no centro, todas elas en lingua galega:

- **Escritos de relación coas familias e o entorno social.** Ao longo de todo o curso enviáronse diferentes comunicados ás familias, todos eles redactados en lingua galega.
- **Documentación administrativa e pedagóxica do centro.** Continuamos a revisar, actualizar e elaborar os documentos oficiais do centro para adaptalos á Lexislación vixente. Toda a documentación oficial do centro foi redactada en lingua galega.
- **Cartelería do centro.** Toda celebración que ten lugar no centro vai acompañada sempre de murais, rótulos e carteis en lingua galega.
- **Adquisición de material bibliográfico, videográfico, lúdico-didáctico e fonográfico en lingua galega.** Ao longo de todo o curso foise adquirindo diferentes tipos de materiais que se consideraron oportunos, sobre todo bibliográficos, en lingua galega.

8.2. O programa de actividades para fomentar o emprego do galego no noso centro este curso 2023-24 será:

- **Obras de teatro.**

Esta é outra das actividades que normalmente se veñen desenvolvendo para fomentar a oralidade entre o alumnado, e que coidamos debe seguir sendo un eixo importante no campo normalizador e dinamizador das linguas que conviven no centro.

As representacións teatrais son un gran estímulo para os rapaces e rapazas que as interpretan así como para o resto dos compañeiros/as. Coidamos que non só o ensaio, senón a preparación dos decorados, vestiarios, etc. son espazos nos que se debe coidar a presenza dos idiomas entre o alumnado.

- **Lectura dramatizada e recitado de poesía.**

De menor custo en traballo e infraestruturas cas montaxes teatrais, pero aínda así de grande interese, é a lectura dramática de textos.

- **Actividades complementarias e extraescolares.**

Nas actividades complementarias e extraescolares tratarase de buscar un equilibrio entre linguas.

- **Adquisición de material didáctico en colaboración coa biblioteca.**

Moitas veces a realización de actividades didácticas sobre distintos temas ou centros de interese, vense dificultados pola ausencia no centro de materiais didácticos nas diferentes linguas. A biblioteca de centro pode e debe recoller as solicitudes de materiais feitos polo profesorado e proceder a adquisición destes recursos, ou procurar dentro dos catálogos das editoriais as ofertas que se axusten ao requirido polo profesorado do centro.

- **Concursos literarios.**

Moitas veces participamos en concursos a nivel estatal, galego ou mesmo provincial, polo alicerce motivador que supoñen. Sen embargo, este mesmo carácter distante do concurso dificulta un seguimento do mesmo, saber como quedamos situados nel, ou mesmo percibir os premios como algo real, co que, ao cabo, poden chegar a resultar frustrantes. Proponse a realización dalgúns concursos no propio centro, co que se gaña en achegamento aos alumnos/as e en motivación para a participación.

- **Celebracións.**

- Samain/Halloween.
- Magosto.
- Entroido.
- Nadal/Christmas.
- Día da Paz.
- Easter.
- Día da familia.
- Constitución Española.
- Día de Rosalía.

Ademáis destas celebracións, levaranse a cabo todas as recollidas na **Orde do 3 de maio do 2023** pola que se aproba o **calendario escolar** para o presente ano académico **2023-24**.

- **Recollida de materiais de tradición oral entre as familias para posteriormente traballalos na clase e usalos como centro de interese nas distintas materias.**

Este tipo de actividades resultan especialmente atractivas e motivadoras para o alumnado como xa se ten demostrado en ocasións anteriores nas que se puxeron en práctica. O traballo de recollida achega as familias á escola e revive o espazo de transmisión cultural que, ata o de agora, foi o encargado do paso dos idiomas de xeración en xeración. Valoralo dende a escola é, sen dúbida, un paso moi importante para que o alumnado tamén o valore.

Salientar que se ten solicitado, ao igual que no curso anterior, ao Centro da Cultura Popular “Xaquín Lorenzo” da Deputación Provincial de Ourense a impartición de obradoiros de Xogos tradicionais galegos, que se teñen lugar durante unha sesión escolar dun día da semana (neste curso o 20 de decembro de 2023), neste caso potenciando a lingua galega.

- **Encontros con ilustradores e contacontos.**
- **Utilizacións didácticas.**

Co emprego de internet, na páxina web do centro e outras páxinas, poderemos atopar recursos para facer un uso didáctico deles, aparte de servirles como divertimento e motivación e material de traballo.

- **Exercitar a tradución ao galego de textos poéticos e narrativos en castelán e viceversa.**

Xa que queremos contar cun alumnado competente nos diferentes idiomas da comunidade, a tradución de pequenas obras literarias dunha lingua a outra pode axudar a este obxectivo.

Ademais cómpre destacar outro tipo de actividades que se levan día a día no centro, como nos cursos pasados, todas elas en lingua galega:

- **Escritos de relación coas familias e o entorno social.** Ao longo de todo o curso enviaranse diferentes comunicados ás familias, todos eles redactados en lingua galega.
- **Documentación administrativa e pedagóxica do centro.** Continuamos a revisar, actualizar e elaborar os documentos oficiais do centro para adaptalos á lexislación vixente. Toda a documentación oficial do centro será redactada en lingua galega.
- **Cartelería do centro.** Toda celebración que ten lugar no centro vai acompañada sempre de murais, rótulos e carteis en lingua galega.
- **Adquisición de material bibliográfico, videográfico, lúdico-didáctico e fonográfico en lingua galega.** Ao longo do curso preténdese adquirir diferentes tipos de materiais que se consideraron oportunos, sobre todo bibliográficos, en lingua galega.

9. INCLUSIÓN NO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.

Esta addenda será incluída no proxecto lingüístico do centro, sendo informada a Comunidade Educativa do seu contido e remitida aos servizos de inspección nos prazos legalmente establecidos.